



## Guía Docente

Datos Identificativos					2024/25
Asignatura (*)	Ambientación sonora e musical		Código	616G01028	
Titulación	Grao en Comunicación Audiovisual				
Descritores					
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos	
Grao	2º cuatrimestre	Terceiro	Obrigatoria	6	
Idioma	CastelánGalego				
Modalidade docente	Presencial				
Prerrequisitos					
Departamento	Socioloxía e Ciencias da Comunicación				
Coordinación	Oliveros Mediavilla, Miguel	Correo electrónico	miguel.oliveros@udc.es		
Profesorado	Fiaño Salinas, Carlota Oliveros Mediavilla, Miguel Piñeiro Otero, María Teresa	Correo electrónico	carlota.fsalinas@udc.es miguel.oliveros@udc.es teresa.pineiro@udc.es		
Web					
Descrición xeral	<p>Ambientación Sonora y Musical constitúe unha materia de interese para a formación d@s futur@s titulad@s en Comunicación Audiovisual debido á relevancia que adquire o son tanto no audiovisual convencional como no eido dixital e multimedia.</p> <p>Esta materia pretende dotar ao alumnado dos coñecementos precisos para analizar os compoñentes do son e as súas posibilidades expresivas; para manexar os códigos sonoros e da música no audiovisual e -máis concretamente- nos diversos xéneros e formatos, así como para abordar o deseño sonoro dunha peza audiovisual.</p>				

## Competencias / Resultados do título

Código	Competencias / Resultados do título
A1	Comunicar mensaxes audiovisuais.
A2	Crear produtos audiovisuais.
A3	Xestionar proxectos audiovisuais.
A4	Investigar e analizar a comunicación audiovisual.
A7	Coñecelas técnicas de creación e produción audiovisual.
A8	Coñecela tecnoloxía audiovisual.
A10	Coñecelo marco legal e deontolóxico.
A11	Coñecelas metodoloxías de investigación e análise.
A12	Coñecelos principais códigos da mensaxe audiovisual.
B2	Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ao seu traballo ou vocación dun xeito profesional e posúan as competencias que adoitan amosarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
B3	Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar os datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que acheguen unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética
B4	Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solucións a un público tanto especializado como non especializado
B6	Expresarse correctamente tanto de xeito oral como escrito en linguas oficiais da comunidade autónoma
B8	Empregar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) precisas para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida.
B9	Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida e solidaria capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e imprantar solución baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común
C1	Entender a importancia da cultura emprendedora e coñecer os medios ao alcance das persoas emprendedoras.
C2	Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse.
C3	Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida.



C4	Valorar a importancia que ten a investigación, innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.
----	---

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título		
Comunicar mensaxes audiovisuais	A1 A2 A3 A7 A8 A12	B2	C3 C4
Crear produtos sonoros	A1 A2 A3 A4 A7 A8 A10 A12	B2 B3 B4 B8	C1
Investigar e analizar o componente sonoro da comunicación audiovisual	A1 A4 A11	B6	
Coñecer os principais códigos sonoros da mensaxe audiovisual	A12		
Aplicar un pensamento crítico, lóxico e creativo.	A11	B3 B4 B8 B9	C2
Traballar de forma colaborativa.		B2 B4 B9	C2
Mellorar a capacidade de análise no que se refire aos diferentes compoñentes da linguaxe sonora	A7 A11 A12	B8	C2
Mellorar a expresión oral.		B6	
Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión.	A2 A3 A8		C2

Contidos	
Temas	Subtemas



1. O son na narración audiovisual.	I. Introducción ao son audiovisual 1.1. Introducción 1.2. A ilusión do son audiovisual  II. Escenario acústico 1.3. Paisaxe sonora 1.4. Espazo sonoro  III. O son na industria audiovisual 1.5. O son no cine. Orixe e primeiros hitos 1.6. Os profesionais do son no audiovisual
2. A dimensión sonora nas combinacións audiovisuais	2.1. A audiovisión 2.2. O sistema de sons 2.3. Focalización e procesado dos sons 2.4. As combinacións audiovisuais 2.5. Clasificación de sons no relato audiovisual
3. A música	3.1. Conceptos musicais básicos e a súa relación con convencións audiovisuais 3.2. Breve aproximación histórica á música no cine 3.3. A música audiovisual 3.4. Componentes estruturais e expresivos 3.5. Tipoloxías de música 3.6. Valor engadido pola música 3.7. Funcións da música audiovisual
4. Os efectos de son	4.1. Ruídos e espazo audible. A construción artificial da realidade 4.2. Tipoloxía de efectos de son 4.3. Cuestións de montaxe, edición e mezcla 4.4. Funcións
5. A voz	5.1. Introducción 5.2. Vococentrismo e verbocentrismo 5.3. Tipoloxías de voz 5.4. O acusmaseo 5.5. A doblaxe
6. O silencio.	6.1. O silencio dentro do continuum sonoro 6.2. Tipoloxías de silencio 6.3. Funcións 6.4. Silencio e kinésica

## Planificación

Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Sesión maxistral	A1 A2 A4 A7 A11 A12 B9	28	20	48
Estudo de casos	A1 A4 A7 A10 A11 A12 B3 B4 B6 B8 B9 C2	2	6	8
Obradoiro	A1 A2 A8 A10 A12 C2	22	4	26



Traballos tutelados	A1 A2 A3 A4 A7 A8 A10 A11 A12 B2 B3 B4 B6 B8 B9 C1 C3 C4	4	30	34
Proba de resposta breve	A1 A2 A4 A7 A11 A12 B9	1	20	21
Presentación oral	A7 A12 B2 B4 B6 C2	3	2	5
Atención personalizada		8	0	8
*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado				

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Sesión maxistral	<p>Clase expositiva ilustrada con exemplos de carácter sonoro e/ou audiovisual. Complementarase con materiais e contidos audiovisuais, en formato pílula, que se porán a disposición do estudiantado a través do campus virtual para a súa consulta antes das clases.</p> <p>Nas sesións maxistrais poderanse desenvolver microprobos tipo test, para determinar coñecementos e erros frecuentes na comprensión do material teórico, actividades orientadas a reforzar e facilitar a comprensión da materia, así como discusións dirixidas, que esixan ao estudiantado amosar a adquisición de conceptos e coñecementos clave da materia.</p> <p>Naqueles casos en que ditas actividades se establecesen como traballo autónomo fóra da aula, empregaranse fórmulas de seguemento para determinar o grao de cumprimento da tarefa. Nestes casos as sesións maxistrais poderanse destinar á posta en común das tarefas ou a súa corrección colaborativa.</p>
Estudo de casos	<p>Análise individual dun produto sonoro seguindo un enfoque relacionado cos contidos da materia. Dita análise entregarase en formato audio (locución e fragmentos sonoros) seguindo as normas previamente sinaladas pola docente. Ademais de avaliar a análise terase en conta a calidade da gravación e edición de son.</p> <p>A presenza dun fragmento, superior a unha frase, copiado supón a anulación do traballo de investigación e -polo tanto- un cero.</p>
Obradoiro	<p>Desenvolvemento de diferentes actividades de carácter práctico cuxo obxecto é pór en xogo todos aqueles coñecementos que, sobre a ambientación sonora e musical, foron tratados durante as clases expositivas. Dentro destas prácticas intégranse dúas con maior ponderación na nota final: un retrato sonoro e o deseño sonoro dunha peza "contrarreloxo".</p> <p>A entrega de ditas prácticas efectuarase de forma habitual ao rematar a clase ou, de ser o caso, no tempo e forma que sinala a docente.</p>
Traballos tutelados	<p>Ideación e planificación de dous proxectos sonoros de carácter seriado cuxa forma, estilo, linguaxe, temática e/ou enfoque resulten innovadores. Deseño e produción íntegra dun dos episodios-pezas da proposta planeada, a modo de piloto.</p> <p>Proxecto 1. De ideación grupal e execución individual.</p> <p>Proxecto 2. De ideación e execución grupal.</p>
Proba de resposta breve	Exame dos contidos teóricos, de resposta breve e-ou definicións de conceptos.
Presentación oral	Presentacións dos proxectos sonoros en diversas fases. Estas presentacións desenvolveranse ao comezo da actividade, na fase de ideación, e -a lo menos- nunha das fases finais de produción do contido.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición



<p>Presentación oral</p> <p>Proba de resposta breve</p> <p>Sesión maxistral</p> <p>Estudo de casos</p> <p>Obradoiro</p> <p>Traballos tutelados</p>	<p>O desenvolvemento de cada unha destas actividades contará con atención personalizada e continuada tanto na aula como fóra dela, co obxecto de apoiar ou reconducir a planificación ou execución de cada un destes traballos e solventar as dúbidas oportunas.</p> <p>No caso do audioconto ou o proxecto final (traballos tutelados) que detenten unha maior carga de traballo autónomo, o seguimento destas actividades efectuarase nas clases prácticas sinaladas para tal fin, así como en titorías personalizadas a demanda do/a estudante o do seu equipo de traballo.</p>
--	--

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Presentación oral	A7 A12 B2 B4 B6 C2	<p>Presentacións orais dos proxectos sonoros (traballos tutelados) nas súas diferentes fases. Nestas presentacións cada grupo deberá explicar o seu proxecto (en función do momento en que se desenvolvan poderán presentar a idea, o desenvolvemento do produto, decisións narrativas e estéticas...) e responder as cuestións dos/as compañeiros/as.</p> <p>As presentacións tamén implican unha participación activa da aula, con suxestións, propostas ou valoracións que poidan mellorar o resultado final.</p> <p>Para a avaliación das presentacións orais débense cumprir os seguintes requirimentos: (1) asistir e participar en cada presentación (propia e na dos restantes grupos), (2) entregar un formulario de valoración-propostas de mellora.</p>	10
Proba de resposta breve	A1 A2 A4 A7 A11 A12 B9	<p>Proba de resposta breve. Preguntas concretas, definicións, que amosen a adquisición dos contidos teóricos da materia.</p> <p>Só se computarán aquelas respostas completamente correctas.</p>	30
Sesión maxistral	A1 A2 A4 A7 A11 A12 B9	<p>No marco das sesións maxistras, ou relacionadas con éstas, desenvolveranse actividades, test, exercicios prácticos, así como discusións dirixidas, orientadas á consolidación dos contidos teóricos. Como parte destas sesións poderanse integrar conferencias de expertos/as na materia ou valorar a asistencia e participación en actividades deste tipo desenvolvidas no eido da Facultade-Universidade.</p> <p>Terase en conta a participación oral na aula dentro ou fóra dos debates dirixidos, as intervencións de valor na análise de fragmentos audiovisuais ou a introdución de novos exemplos.</p>	5
Estudo de casos	A1 A4 A7 A10 A11 A12 B3 B4 B6 B8 B9 C2	<p>Análise sobre un produto sonoro seleccionado pola profesora, será realizado de forma individual e presentado na aula de teoría. Na avaliación terase en conta tanto a calidade da análise e reflexión crítica como do son, sendo preciso obter un mínimo de 50% da nota para o seu cómputo.</p> <p>No caso de que se detecte que parte/totalidade do devandito traballo está copiado (até un máximo dunha frase ou corte de audio en todo o arquivo) este quedará anulado cunha valoración de cero puntos.</p> <p>Só se admitirán traballos entregados en tempo e forma. Aqueles traballos que non cumpran os requirimentos quedarán anulados cunha valoración de cero puntos.</p>	5



Obradoiro	A1 A2 A8 A10 A12 C2	<p>As prácticas de obradoiro contan cunha valoración máxima de 1 puntos na nota final. A súa avaliación vai depender do número de prácticas entregadas en tempo e forma, así como da calidade dos traballos e a reflexión crítica sobre os mesmos.</p> <p>Para o cómputo das prácticas de obradoiro o/a estudante ten que ter asistido, desenvolvido e entregado -a lo menos- o 80% das prácticas tipo obradoiro (prácticas de grupo mediano).</p> <p>Só se admitirán as prácticas/portafolios entregados en tempo e forma. Para ter en conta a entrega débese asistir a sesión correspondente. De non ser así a entrega pasaría a considerarse una práctica fraudulenta co consecuente suspenso da convocatoria.</p> <p>O incumprimento destes requerimentos implicará a anulación da entrega e, polo tanto, da súa valoración (cero puntos).</p>	10
Traballos tutelados	A1 A2 A3 A4 A7 A8 A10 A11 A12 B2 B3 B4 B6 B8 B9 C1 C3 C4	<p>Ideación e planificación de dous proxectos sonoros de carácter seriado cuxa forma, estilo, linguaxe, temática e/ou enfoque resulten innovadores. Deseño e produción íntegra dun dos episodios-pezas da proposta planeada, a modo de piloto.</p> <p>Proxecto 1. De ideación grupal e execución individual. Conta cunha valoración máxima de 1,5 puntos.</p> <p>Proxecto 2. De ideación e execución grupal. Conta cunha valoración máxima de 2,5 puntos. Parte desta nota (até 0,5 puntos) virá determinada polas rúbricas de avaliación propia e dos/as compañeiros/as.</p> <p>Só se admitirán traballos entregados en tempo e forma. Aqueles traballos que non cumpran os requerimentos obterán una valoración de cero puntos.</p>	40

## Observacións avaliación



Coa proposta de cada traballo e/ou actividade a profesora explicará polo miúdo o contido, as normas estéticas e formais, así como o tipo de soporte e data de entrega. Nesta explicación e, en xeral, na materia promoverase a reflexión crítica en torno aos condicionantes das desigualdades existentes nos ámbitos da produción, recepción e contidos sonoros-audiovisuais, con especial énfase no que respecta as crenzas, estereotipos e roles de xénero (na liña do ODS5). Con este cometido valorarase positivamente a inclusión da perspectiva de xénero nos exercicios, prácticas e proxectos así como o emprego dunha linguaxe inclusiva no seu desenvolvemento.

Máis aló do xénero nas actividades promoverase o desenvolvemento de actividades e enfoques na liña dos ODS buscando alianzas para acadar os obxectivos (ODS17), con outras entidades (dentro e fóra da universidade).

Dada a importancia do traballo en grupo dentro da materia, estableceranse sistemas de seguemento-avaliación para valorar o grado de cohesión e participación das persoas integrantes, así como para ponderar a nota tendo en conta a súa implicación-participación no proxecto.

Para superar a materia na PRIMEIRA CONVOCATORIA (sistema de avaliación continua) o/a estudante deberá obter un mínimo de 5 puntos (o 50% da puntuación global) na suma total das avaliacións das prácticas da materia e do exame. Neste cómputo non se inclúen os exercicios non orixinais do/a estudante así como tampouco aqueles traballos entregados fóra de prazo ou nun formato diferente ao indicado.

Dado o obxecto da materia, todo traballo que careza de son nunha parte, ou na súa totalidade, será anulado e -por tanto- contará cun 0 na súa avaliación.

Para superar a materia na SEGUNDA CONVOCATORIA o/a estudante deberá:

Entregar de forma individual o deseño sonoro íntegro dunha peza audiovisual, proposta pola docente (peza e normas para o seu desenvolvemento se facilitarán a través do campus virtual), co correspondente dossier. Este traballo e a súa presentación, na que se xustifiquen aquelas decisións tomadas en canto ao son, terá un valor de 70% na nota final (60% proxecto + 10% presentación). Para a súa avaliación deberase entregar na data oficial de exame, no formato sinalado pola profesora (tanto a peza audiovisual co son íntegro, e o dossier). Aprobar o exame (50% puntos) na data oficial. Esta proba, de preguntas breves, constituirá o 30% da nota final. En calquera caso, para superar a materia débese aprobar o exame (5 puntos ou 1,5 ponderado) e obter, como mínimo, unha puntuación de 5 na nota final.

O alumnado que conte matrícula reducida por dispensa académica e dedicación ao estudo, así como todos os aspectos vencellados a permanencia ou fraude académico rexeranse de acordo coa normativa vixente da UDC.

### Fontes de información

#### Bibliografía básica

- Chion, Michel (1993). La audiovisión. Introducción a un análisis conjunto de la imagen y el sonido. Barcelona: Paidós
  - Collins, Karen (2021). Studying sound : a theory and practice of sound design. Cambridge: The MIT Press
  - López Villafranca, Paloma (2024). Creación de proyectos sonoros. Prácticas y experiencias en la era de la audificación. Salamanca: Comunicación Social
  - Rodríguez Bravo, Ángel (1998). La dimensión sonora del lenguaje audiovisual. Barcelona: Paidós
  - Piñeiro Otero, Teresa (2019). Sonidos que cuentan. La ambientación sonora en el audiovisual. Barcelona:UOC
  - Rodero, Emma (2024). Ficción sonora. Madrid:Instituto Oficial de Radio y Televisión
- Ademais destas fontes de referencia a través de Moodle facilitaranse artigos e outro tipo de recursos que faciliten a comprensión da materia, traten en concreto algún exemplo ilustrativo ou permitan afondar nalgún tema de interese.

#### Bibliografía complementaria

- Chion, Michel (1985). La música en el cine. Barcelona: Paidós
- Chion, Michel (2004). La voz en el cine. Madrid: Cátedra
- Altmant, Rick (2004). Silent film sound. Nueva York: Columbia University Press
- Fraile Prieto, Teresa (2010). Música de cine en España: señas de identidad en la banda sonora contemporánea. Badajoz: Diputación
- Jullier, Laurent (2006). El sonido en el cine. Barcelona: Paidós
- Ávila, Alejandro (1997). El doblaje. Madrid: Cátedra
- Gustems, Josep (coord.) (2013). Música y sonido en los audiovisuales. Barcelona: Universitat de Barcelona
- Berdasco, Yolanda (2022). Periodismo radiofónico. Madrid: Centro de Estudios Financieros
- Beltrán Moner, Rafael (2006). La ambientación musical selección, montaje y sonorización. Madrid:Instituto Oficial de Radio y Televisión



## Recomendacións

### Materias que se recomenda ter cursado previamente

Historia do cine e da animación/616G01006

Audio/616G01016

Guión/616G01018

Análise audiovisual/616G01021

Teoría e práctica da edición e a montaxe/616G01023

### Materias que se recomenda cursar simultaneamente

### Materias que continúan o temario

Realización Audiovisual/616G01030

Traballo Fin de Grao/616G01034

### Observacións

(\*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías